

CONCURSO DE MICRORRELATOS Amor, ou non, en 100 palabras

IES XOSÉ NEIRA VILAS (Oleiros), febreiro 2011

Club de Lectura e Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Mención especial do xurado: accésit 2

Para sempre

Xa sabía eu que isto me ía gustar. Que tarde, meu Deus! Nunha auténtica éxtase horas e horas. Quero que esteamos xuntos o resto da vida. Chamareino xa? Non, é pronto. Chámoo mañá.

O camiión do lixo foi o último que oíu antes de quedar durmida. A chuvia deslizábase polos cristais. Aquela foi a última vez que pensou nel.

Volveron coincidir na terraza dun bar mentres fumaban un cigarro. Non se recoñeceron.

Hércules
Autora: Emilia Villar, profesora